

## Da Bos Aires mítica á Bos Aires real. Un diálogo aberto

Carmen Mejía Ruiz

Universidad Complutense de Madrid

Presidenta da AIEG (2015-2018)

Como directora de *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, é un pracer poder presentar este volume especial nº 20 da nosa revista. En abril de 2015, en Bos Aires, cando presentei a miña candidatura para presidir a Asociación Internacional de Estudos Galegos, comprometinme a publicar as colaboracións derivadas dese encontro científico na nosa revista. Hoxe chega o momento de presentar este volume que recolle unha escolma dos traballos presentados naquel congreso e que pasaron todos os filtros científicos –incluída a revisión por pares externos– para a súa publicación. É unha satisfacción poder escribir estas liñas e comprobar que o meu compromiso se levou a cabo grazas ás e aos participantes do congreso, que non se amedrentaron e continuaron co seu empeño para que este volume puidese saír do prelo. Vaia por diante o meu agradecemento persoal por facer posible esta publicación e todos os meus parabéns polo resultado.

As palabras de Débora Campos, presidenta da AIEG desde 2012 até 2015, no Limiar deste volume resumen moi acertadamente o que foi o undécimo encontro de galicianistas celebrado en Bos Aires, no que estudosos de diversas procedencias e saberes intercambiaron as súas experiencias e compartiron o seus intereses polos estudos galegos. Para min, persoalmente, a chegada á capital porteña foi a realización dun soño. A cidade, da que eu falo aos meus estudantes nas aulas, abríame as portas e ofrecíame a posibilidade de percorrer as rúas polas que tantas xentes galegas estiveran loitando por manter o seu patrimonio no exterior.

Coñecer a Federación de Sociedades Gallegas, ver alí as fotos dos que tanto fixeron por Galicia nuns momentos tan difíciles, conmoveume. Bos Aires, como cidade de acollida no exilio, foi e é un espazo emblemático, rodeado dunha auréola mítica, que ofrece, aínda hoxe, moitas posibilidades ás e aos galicianistas. Esa cidade na que tiveron noticias de que as nenas e nenos con descendencia galega teñen a oportunidade de educarse en galego no Instituto Santiago Apóstol. Esa cidade que garda a historia dunha época tan significativa para nós, reflectida no famoso cadro de Castelao “A derradeira lección do mestre”, e que tiveron a oportunidade de ver no Centro Galicia. E todo isto grazas á directiva da AIEG, que fixo posible a realización do XI Congreso da AIEG “Os estudos galegos ante o cambio social e cultural: identidades na fronteira, emigración e exilio”.

Precisamente os traballos que se recollen neste volume responden a esa variedade temática implícita no título do encontro, que abriu a posibilidade de dialogar entre diferentes disciplinas e permitiu comprobar que os estudos galegos gozan de boa saúde cun futuro prometededor, sempre aberto aos últimos retos investigadores e científicos. Farei alusión en primeiro lugar a unha serie importante de traballos nos que predominan as olladas históricas, literarias e artísticas desde a emigración, o exilio, a identidade e o asociacionismo, elaborados tanto por autoras e autores xa consolidadas, como son Ana Acuña Trabazo, María Xosé Dourado Campos, María Luísa Márquez Rodríguez, Silvia Dolinko, Iolanda Galanes Santos, Ruy

Fariás, Olivia Rodríguez González e Ana Paula Mejuto Soba, así como por investigadoras e investigadores noveis como Nadia Andrea de Cristóforis, Ana Garrido González, Federico Gerhardt e Mariela Sánchez. Por outra banda, neste volume hai estudos específicos sobre tradución con propostas anovadoras como os realizados por Áurea Fernández Rodríguez, Ana Luna Alonso e Jaume Silvestre Llinares. Os estudos medievais veñen da man de María do Amparo Tavares Maleval, Gimena del Río Riande e Andréia Cristina Lopes Frazão da Silva. Pola súa parte, a profesora Rosario Álvarez no seu artigo achéganos a súa visión

sobre a lingua nos vilacincos do século XVII. Por último, os estudos musicais están presentes no artigo de Norberto Pablo Cirio e, para finalizar, Ana Belén Puñal Rama investiga a figura da prostitución na prensa, polo que os estudos de comunicación e xénero tamén estiveron presentes. Queda pois, retratado este volume, unha obra que recolle a pluralidade temática propia dos nosos estudos.

Espero que os lectores fiquen satisfeitos con estas propostas cheas de suxestións, e aproveito esta ocasión para convidarvos a participar no XII Congreso da AIEG que terá lugar en setembro de 2018 en Madrid.